

seguir notas de prensa nas edicións territoriais dos periódicos e das radios. Evidentemente non hai ningunha vontade de chegar a un acordo.

Grazas.

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas.

¿Que pasa? Señora López Abella, non dirixa vostede tanto o seu grupo. É mellor que a poñan de portavoz. Non para vostede, ¿eh?

Pasamos á seguinte proposición non de lei.

**Proposición non de lei do G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. José Manuel Lage Tuñas e D. Xaquín María Fernández Leiceaga, sobre as posibles causas de mortalidade de bivalvos nas rías galegas**

**A señora PRESIDENTA:** Presentaron unha emenda o Grupo Parlamentario do BNG (documento número 6063) e o Grupo Parlamentario Popular de Galicia (documento 6083).

*( O Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa do seu deputado Bieito Lobeira Domínguez, e ao abeiro do artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda de adición a esta proposición non de lei.*

*Emenda de adición*

*Débese acrescentar un novo punto ao final da parte resolutiva:*

*“3.º) Programar, con carácter de urxencia, a realización de accións extraordinarias para a rexeneración e recuperación dos bancos marisqueiros danados, que contemplen, entre outras medidas, a adquisición de semente de moluscos bivalvos, dotación de maquinaria e material ás entidades do sector para facilitar estas tarefas, etc.”*

*O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2, presenta a seguinte emenda á esta proposición non de lei.*

*Emenda de substitución*

*“O Parlamento insta á Xunta de Galicia a:*

*1.- Avaliar e cuantificar de xeito inmediato os danos producidos nas explotacións marisqueiras de tódalas confrarías de Galicia afectadas directa ou indirectamente polo temporal.*

*2.- Dotar un crédito extraordinario co suficiente presuposto para paliar e compensar as perdas que provocou o temporal aos mariscadores de Galicia.*

*3.- Poñer en marcha plans de rexeneración ou repoboación das especies marisqueiras afectadas co gallo de recuperar o máis pronto posible a explotación normal dos bancos marisqueiros.” )*

**A señora PRESIDENTA:** Para formular a proposición non de lei ten a palabra o señor Lage Tuñas.

**O señor LAGE TUÑAS:** Grazas. Bo día señora presidenta. Señoras deputadas, señores deputados, o Grupo Parlamentario Socialista trae a este pleno unha proposición non de lei co obxecto de recoller o que entendemos que é unha fonda preocupación existente en moitas comarcas galegas que teñen na actividade marisqueira unha fonte moi importante de riqueza e nas que se viviu con especial preocupación a alta mortalidade de bivalvos. Concretamente os últimos días do mes de marzo se producía unha alta mortalidade de bivalvos no conxunto das rías galegas, con especial significación na ría de Muros-Noia e na ría de Arousa, polo impacto que entendemos pode ter nas economías das respectivas zonas.

Naqueles días detectouse a aparición de grandes cantidades de bivalvos mortos e tamén se puido comprobar que os que sobreviviron estaban moi débiles, polo menos polos datos dos que nós dispoñemos. No sector marisqueiro faise moito fincapé no feito de que a enchente de auga ocasionou perdas moi significativas en diferentes puntos do litoral galego, non só e de xeito exclusivo nas rías ás que fixen mención, pero ademais das causas naturais —como pode ser un temporal ou as malas condicións climatolóxicas—, as organizacións de mariscadores denunciaron publicamente a apertura precipitada das comportas de varios encoros sen ter en conta o estado da marea e sen previo aviso. A pesar do inxente traballo despregado polos produtores, que recolleron o bivalvo arrastrado ata as praias e o devolveron posterior-

mente aos bancos marisqueiros, existen moitas posibilidades, ao seu entender, de que unha gran parte deste poida estar morto.

Nos areais constatouse que o nivel de salinidade era baixo debido á excesiva cantidade de auga doce, feito que levou ás confrarías a esixir responsabilidades ás empresas que xestionan os encoros próximos, ás cales responsabilizan dunha apertura de comportas sen ter en conta o estado da marea. Saben, señorías, que o exceso de auga doce nas rías provoca que a perda de salinidade faga aumentar a mortalidade de todos os bivalvos, xa que non poden desprazarse na procura dunhas zonas con maior salinidade.

Aos deputados que asinamos esa iniciativa cóstanos tamén que a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos enviou aos seus biólogos de praias e ás asistenciais técnicas das confrarías a facer mostreos das zonas máis afectadas para poder facer unha avaliación das mortalidades rexistradas pola perda de salinidade á que facía referencia con anterioridade. Sabemos que a avaliación desta mortalidade é un proceso difícil, xa que non se sabe con exactitude a cantidade de molusco que había en cada zona, pero, aínda así, considero que é preciso que se lles dean respostas ás confrarías, aos mariscadores e mariscadoras, co maior rigor posible e coa maior fiabilidade.

Froito deste compromiso, do compromiso que ten o Grupo Socialista co sector marisqueiro galego, consideramos fundamental que no momento en que a Consellería de Pesca dispoña deses datos fiables aos que facía alusión se poida elaborar un informe que faga posible coñecer as verdadeiras causas da mortalidade. Ese é un dos obxectivos da nosa proposición non de lei e unha das cuestións que preocupan ao conxunto do sector e aos afectados en particular, que todos os días nos transmiten a gran preocupación que teñen polas posibles perdas ocasionadas.

Ben é certo que o Goberno galego está preocupado e ocupado neste tema, e podo dicirlles que no día de mañá, ademais, o propio equipo da consellería vai manter encontros con todos os afectados, con todos aqueles que solicitaron unha xuntanza: colectivos, confrarías, os mesmos alcaldes das comarcas de Noia e Muros, que teñen preocupación e que a teñen manifestado nos pasados días a través dos medios de comunicación social, os representantes da Fede-

ración Galega de Confrarías, os representantes da confraría de Carril... Todos eles van ser chamados e van ser escoitados para abordar a situación da que estamos a falar.

O Grupo Socialista, ademais, entende que a medida que avance a primavera deberá de facerse unha mostraxe moito máis intensiva e ampla nunha zona do litoral para comprobar o recrutamento de poboación nova que faga da próxima época de capturas unha boa campaña. É preciso, polo tanto, que contemos con todos os elementos para facer un xuízo e é preciso que coñezamos cá é a situación real para poder actuar dunha maneira ou doutra.

Pero tamén quixera destacar que os orzamentos do ano 2006, no que respecta á Consellería de Pesca, posibilitarán unha posta en marcha este ano do estudo para acadar un seguro que permita a cobertura da produción dos bancos marisqueiros diante das inclemencias do tempo ou doutro tipo de riscos asociados á actividade extractiva. Este seguro terá que ser algo semellante ao que se aplica, por exemplo, no agro cando falamos dunha xeadada.

Cando as perdas das que fala o sector chegan a máis de seis millóns de euros nunha soa confraría, parece lóxico contar cun seguro que poida cubrir estes danos, e como parece lóxico e como tratamos de que as palabras se convertan en feitos, por iso hai unha partida, uns recursos, destinados este ano, e a consellería está traballando nese sentido para que poidamos dispoñer dos datos o antes posible.

Pero quero recordar tamén, ao fío do que se fala en canto ao seguimento dos encoros, que existe unha orde da Xunta de Galicia do ano 2001 que contemplaba a creación de tres comisións técnicas que deberían supervisar o réxime de enchedura e baleirado dos encoros en primavera e outono e a súa regulación. E quero recordalo porque estas comisións nunca se puxeron en funcionamento durante os catro anos de Goberno do Partido Popular, refírome á lexislatura 2001-2005. É unha eiva evidente; tínase un instrumento pero nin se creou nin se constituíu. Este instrumento debía de servir para garantir respostas áxiles diante de calquera situación de emerxencia, ademais de prever a cantidade de auga que debe de ter cada encoro da demarcación Galicia-costa en cada momento.

O Grupo Socialista pídelo ao Goberno que se faga un labor de mediación coas empresas xestoras dos encoros para

establecer un protocolo de apertura extraordinaria das portas das presas, e máis tendo en conta que temos un instrumento, ou mellor dito tres, como os que acabo de mencionar nesta intervención. É máis, a este deputado, a este voceiro, cónstalle que Augas de Galicia está estudando as melloras nos elementos constitutivos destas comisións para que comecen a funcionar de xeito inmediato xa dentro desta primavera. Desde logo, nós saudaremos de xeito positivo e consideraremos que será unha boa nova a constitución formal destas comisións cando durante catro anos isto non tivo lugar, pero tendo en conta o impacto do que estamos a falar, dado o impacto que ten a actividade marisqueira no conxunto da economía das zonas costeiras, e tendo en conta as perdas sufridas así como a necesidade de coñecer o verdadeiro motivo da alta mortalidade dos bivalvos, reafirmámonos na necesidade de ter un estudo que nos permita coñecer, non a nós, deputados e deputadas deste Parlamento, que tamén, senón aos afectados, as verdadeiras causas desa mortalidade para non especular, para que cada un non diga o que lle pareza —que cada un é moi libre de facelo, desde logo, pero que non axuda moito—, pois para iso temos profesionais, temos biólogos e temos recursos, polo tanto, o que corresponde é que, mediante os traballos que xa se están a a facer por parte deses profesionais, poidamos saber qué foi o que sucedeu, poidamos saber o nivel de incidencia que pode ter a actuación, dun xeito ou doutro, das empresas que xestionan os encoros, poidamos saber se iso é só unha cuestión de orde natural ou hai outro tipo de causas. Polo tanto, o mellor que podemos facer é pedir que se nos diga o antes posible cáles son esas causas a partir dos datos que temos.

E, por outra banda, que os mecanismos que existen, como esas comisións, se constitúan; e non só eses mecanismos, senón que se faga a mediación necesaria, tendo en conta que ao final estamos a falar de concesións que dependen da Administración pública, e da Administración pública galega neste caso.

Polo tanto, eu o que agardo, como voceiro do Grupo Socialista, é que esta proposición non de lei atope, pois, eco nos grupos desta Cámara, que atope apoio e, desde logo, que sexan capaces —sobre todo o grupo da oposición— de entender que unha reflexión serena, que unha proposta sensata que vai dirixida a resolver problemas, debe de ser algo que vai máis alá do ríñ-rafe entre grupos políticos. Estamos ante un tema...

**A señora PRESIDENTA (Paz Franco):** Señor Lage, por favor, vaia rematando.

**O señor LAGE TUÑAS:** Remato, señora presidenta.

Estamos ante un tema relevante, estamos diante dunha preocupación evidente para unha parte importante do sector marisqueiro galego, e estamos a falar da economía, é dicir, dunha peza clave na economía de tres ou catro comarcas deste país. Polo tanto, o que lles pido é apoio para esta proposición non de lei, porque eu creo que será bo para todos.

Máis nada e moitas grazas.

**A señora PRESIDENTA (Paz Franco):** Grazas, señor Lage.

Ten agora a palabra, para posicionarse en representación do Bloque Nacionalista Galego, o señor Lobeira Domínguez.

**O señor LOBEIRA DOMÍNGUEZ:** Obrigado, señora presidenta.

Señoras deputadas, señores deputados, efectivamente é unha evidencia que os últimos temporais que azoutaron Galiza ocasionaron uns danos moi importantes sobre boa parte dos bancos marisqueiros do noso litoral. Hai perdas produtivas que chegan ao 90% da mortalidade do marisco en determinados bancos; practicamente o marisqueo a pé existente no noso litoral. Hai poucos bancos marisqueiros que se libran da desfeita, eu quero citar só algúns dos máis afectados. Na ría de Vigo, o caso de Moaña; na ría de Pontevedra, todo o fondo da ría de Pontevedra, que se dedica ao marisqueo a pé, polo tanto as confrarías de Raxó, Lourizán e Pontevedra; na ría de Arousa son varios os puntos afectados: Carril, Rianxo, Cabo de Cruz, a Pobra do Caramiñal...; na ría de Muros e Noia, dunha alta produtividade, efectivamente hai zonas que perderon case o cen por cento da súa produción de ameixa e nalgún caso da de berberecho; na costa da Morte hai bancos marisqueiros, como o de Camariñas, tamén seriamente afectados; e mesmo no Ortegal, os bancos marisqueiros de Pontedeume tamén resultaron cunha afección severa. Por tanto, hai milleiros de persoas de marisqueo a pé e marisqueo a flote afectadas. Son moitas as especies chave para a economía marisqueira, tanto a pé como a flote, no noso litoral; estas especies, ademais da ameixa, son

o berberecho e a navalla. Hai que ter en conta que estes temporais provocaron tamén que se removeran os fondos areosos mariños e, por tanto, que afogara nalgúns casos a navalla existente ou inclusive cultivos de ostra, como o caso da ría de Muros e Noia e da ría de Arousa.

Por tanto, o problema está aí, non se pode mirar para outro lado. Efectivamente, por unha parte hai que saber as causas concretas que provocaron esta situación, alén dos efectos naturais que teñen que ver cos temporais; e, pola outra, pensamos nós, adoptar medidas que tendan a paliar, na medida do posíbel, os danos ocasionados por estes temporais sobre o sector marisqueiro galego.

Nós pensamos que, efectivamente, existe unha dúbida razoábel sobre a presunta responsabilidade ou culpabilidade de determinadas empresas hidroeléctricas que teñen encoros á hora de abrir ou pechar as súas comportas, sen previo aviso aos bancos marisqueiros, en situación de marea baixa, pois o aumento da cantidade de auga doce sobre estes bancos marisqueiros, en situación de marea baixa, provoca efectos moito máis brutais sobre a salubridade do marisco neles. Pensamos que hai que investigar cal é a responsabilidade destas empresas hidroeléctricas. Non é a primeira vez que entidades do sector teñen denunciado unha situación a todas luces inxusta, que ten provocado tamén no pasado feitos como os que hoxe se denuncian. E nós, particularmente, no Bloque Nacionalista Galego, pensamos que xa está ben de que haxa determinadas empresas, neste caso hidroeléctricas, que se permitan o luxo de actuar sen ningún tipo de control á hora de regular o seu caudal de auga doce en concreto sobre os bancos marisqueiros, pero non exclusivamente.

Estamos a falar de empresas hidroeléctricas que obteñen, por certo, inxentes beneficios da riqueza natural do noso país, beneficios que serven para incrementar, naturalmente, as súas ganancias; empresas que en boa parte, ¡fíxense vostedes!, nin sequera pagan os seus impostos en Galiza. É dicir, en definitiva, a ecuación é que aquí nós, galegos e galegas, padecemos os custos económicos, sociais e medioambientais da produción da enerxía eléctrica, enerxía eléctrica que maioritariamente se exporta a outros puntos do Estado español; estas empresas, que sacan aquí os seus beneficios, pagan os seus impostos fóra de Galiza; e por riba aquí, no noso país, mantemos os peores índices do Estado español en canto á calidade da subministración eléctrica.

Francamente, isto non é de recibo, ¡xa está ben! Parécenos moi correcto que se vaian decatando estas empresas hidroeléctricas de que agora neste país xa non governa o Partido Popular, de que non poden seguir facendo o que viñan facendo, de que agora se terán que acoller polo menos a unhas regras de xogo e de que non vale a política de abrir ou pechar comportas cando lles convén.

Un caso similar –e non quero efectuar paralelismos– tivo lugar, efectivamente, como consecuencia do que falaba o señor Lage. Nalgún caso se chegaron a dar –sobre todo en determinadas minicentraís, nalgunhas concas fluviais–, accidentes moi graves, nalgún caso mortais, pola apertura ou peche de comportas en determinados encoros sen previo aviso, con consecuencias inclusive para os pescadores que se encontraban nos ríos naquel momento. Nós o que pedimos é que polo menos exista un protocolo de actuación por parte destas empresas hidroeléctricas para que non poidan, sen ningún tipo de problema, facer ou desfacer cando queren e como queren, polo tanto abrir e pechar as comportas tal e como viñan facendo.

Polo tanto, estamos de acordo con esa proposición non de lei que presenta o Grupo Socialista. Hai que mirar, hai que investigar, cales son as causas que provocan o agravamento da mortalidade en moitos bancos marisqueiros como consecuencia dos temporais –por tanto efectos naturais–, pero que se poden ver agravados por este tipo de cuestións.

O certo –e a emenda que presentamos vai nese camiño– é que esta situación de afección severa en moitos bancos marisqueiros é obxectiva. Hai que investigar, efectivamente, estas responsabilidades, pero nós tamén pensamos que hai que adoptar medidas. E nós no BNG, a través desta emenda, queremos que se adopten medidas, pero que se adopten medidas serias. O último antecedente de temporais serios que houbo no noso país –incluso máis fortes que os que tivemos recentemente– foi no inverno duro, durísimo, do ano 2000-2001, que levou a unha situación de crise moi importante no sector marisqueiro e inclusive no sector pesqueiro, cando a xente non podía saír ao mar por temporal permanente. Houbo portos nos que durante sete meses practicamente non se saíu ao mar. ¿Como actuou a Consellería de Pesca naquel momento? Subvencionando a achega de semente en moitos bancos marisqueiros. Surtiu a vinte e unha confrarías nese inverno 2000-2001, a consecuencia

deses temporais, de semente procedente de Túnez que chegou a Galiza podre e maioritariamente morta, e foi devolta por moitas confrarías porque obxectivamente non valía.

Nós queremos que a Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos adopte medidas serias, e a nosa emenda vai orientada precisamente a iso. Nós queremos, desde o Bloque Nacionalista Galego, ademais de asumir o contido da proposición non de lei do Grupo Socialista e a través dunha emenda que acrecenta a parte resolutiva da do Grupo Socialista, que se programe, e con carácter de urxencia, a realización de accións extraordinarias para a rexeneración e recuperación dos bancos marisqueiros que resultaron danados ou afectados por esta situación, que terán que contemplar, efectivamente, a adquisición de semente de todas as especies que resultaron afectadas, mais tamén dotación de maquinaria ou de material técnico para que as confrarías, asociacións ou entidades do sector estean en condicións de pór en marcha traballos de recuperación e de rexeneración destes bancos marisqueiros. Pensamos que é unha cuestión de auténtica xustiza, unha reivindicación, por tanto, xusta, e neste camiño, por suposto, señor Lage, van contar co apoio do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a esta proposición non de lei. Mais tamén solicitamos, reciprocamente, que esta emenda que pretende adoptar medidas de rexeneración e recuperación dos bancos marisqueiros sexa tamén aceptada.

Grazas, señora presidenta.

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas, señor Lobeira.

Ten a palabra o señor Balseiro Orol polo Grupo Parlamentario Popular.

**O señor BALSEIRO OROL:** Grazas, señora presidenta.

Señorías, é evidente que a produción marisqueira nas zonas que se viron afectadas vai estar moi diminuída neste ano. Polo tanto, o sector marisqueiro afectado –así o entende o Grupo Popular– necesita axudas económicas para sobrevivir polo menos durante o tempo que non poidan traballar os recursos; axudas para mercar e rexenerar as praias; axudas para as propias confrarías afectadas; e todo iso co fin de que o sector recupere a produción como a tiña antes desta catástrofe, xa que na actualidade se atopa con que o recurso

está minguado, sen ter onde traballar, e con moi poucas solucións.

O Partido Popular presentou unha emenda de substitución que coincide nunha boa parte tanto coa proposta que presenta o Partido Socialista como coa emenda que presenta, por outra parte, o Bloque Nacionalista Galego, pero imos un pouco máis alá. A emenda que nós presentamos é que a Xunta de Galicia avalíe e cuantifique de xeito inmediato os danos producidos nas explotacións marisqueiras galegas –que coincide perfectamente co que presentou o Partido Socialista–; que se poña en marcha un plan de rexeneración e repoboación das especies afectadas –que coincide perfectamente co que presentou o Bloque Nacionalista Galego–; e punto tres, que é o que queríamos nós engadir, que a Xunta de Galicia habilite un crédito extraordinario destinado a compensar as perdas ocasionadas polo recente temporal na Comunidade Autónoma galega. Esa é a emenda que nosoutros presentamos.

No ano 2000 –como xa se dixo aquí– houbo unha catástrofe similar e os gobernos do Partido Popular, tanto o estatal como o autonómico, déronlle unha rápida solución a través de créditos brandos, axudas para compensar a Seguridade Social, axudas a través do Real decreto 6/2001, do 6 de abril, Orde do 2 de agosto; Orde do 6 de xuño publicada no DOG o 9 de xuño, de axudas para comprar esa semente á que fixo referencia o señor Lobeira –teño que discrepar un pouco do que dixo aquí, pero non imos entrar niso porque para debate agre xa tivemos bastante onte–. Ante a desidia da Xunta de Galicia, señor Lage –e benvido, hoxe doulle a benvida eu; normalmente sempre ma dá vostede a min–, deputados do Partido Popular estivemos nesa zona, reunímonos cos cabidos, cos patróns maiores e cos afectados, cos mariscadores e mariscadoras, e coñecémola perfectamente. E digo o da desidia non por nada, porque foron os propios afectados os que o dixeron. As propias confrarías víronse obrigadas a actuar, por iso é moi importante que nesa reunión que van ter vostedes mañá falen con elas, porque probablemente algunhas confrarías xa teñen eses estudos feitos. Concretamente a Confraría de Noia encargoulle un estudo á Universidade de Santiago para avaliar esas perdas, e ao mellor ese estudo xa lles pode valer de base para empezar a traballar.

A Xunta, e especialmente a Consellería de Pesca, non pode desentenderse deste problema abandonando os afecta-

dos. O Grupo Parlamentario do Partido Popular –como xa lle dixen– estivemos reunidos e sabemos perfectamente que é o que demanda neste caso o sector afectado. Os propios mariscadores denunciaron recentemente –e iso puidémolo ver concretamente esta fin de semana nos medios de comunicación– que ningún responsable da Consellería de Pesca, nin técnico nin político, se puxo en contacto cos afectados nin visitou as zonas afectadas. Isto dicíao na *Voz de Galicia* o patrón maior da Confraría de Noia este sábado. Refirome ás palabras que este señor dicía e ao que xa anteriormente nos dixeran nalgunhas outras confrarías a nosoutros.

A Consellería de Pesca eu creo que en todo este proceso o único que se dedicou a dicir –e así o dicía o 30 de marzo– foi que aínda non recibira ningunha reclamación oficial desta catástrofe. Dicía a propia Consellería de Pesca que non recibira ningunha reclamación oficial desta catástrofe. A Xunta, de momento, non puxo nin medios humanos –señor Lage– nin materiais nin económicos ante esta catástrofe. Os concellos da comarca si puxeron, como mínimo, medios humanos; medios económicos non, pero medios materiais si.

As consecuencias que isto pode ter non se poden avaliar este ano, pois nos seguintes anos probablemente van seguir tendo unha importancia grande. Por exemplo, falando do ano 2000, cando tivemos outra catástrofe similar, a Confraría de Rianxo no ano 2001 tivo unha facturación de 41.000 euros; no ano 2002, de 2.700.000 euros; e no ano 2005, de 4.800.000 euros. O problema non é no ano 2006, senón que o problema pode ir incluso moito máis alá, no ano 2007.

A gran mortalidade de marisco nas praias galegas durante a segunda quincena de marzo fai que os mariscadores e mariscadoras amosen a súa preocupación polo futuro incerto das súas explotacións. É evidente que nestes momentos existen unhas perdas de varios millóns de euros. Tamén é evidente que a desaparición de cría incidirá negativamente nas explotacións marisqueiras galegas no futuro. A Administración non só debe ter en conta as perdas producidas agora senón tamén as do futuro, que derivan unhas das outras. A actuación das distintas administracións en casos excepcionais de emerxencia e catástrofes como a presente debe realizarse con celeridade para que os afectados poidan repoiñerse sen demora das perdas sufridas debido ao mal tempo e das condicións en que se atopan neste momento as praias dedicadas ao marisqueo, tanto a pé como a flote.

Podemos dicir que as perdas por mor do temporal son cuantiosas en canto a produción marisqueira se refire. Atopámonos cunha gran cantidade de auga doce provocada por un brusco descenso da salinidade da auga; entre 4 e 9 gramos por litro de auga, cando o habitual son 35. Ademais os fortes ventos que houbo nese momento, de sur-suroeste, frearon a entrada da auga salgada para as rías e non deixaron saír a auga doce, o que ocasionou a mortalidade de entre o 80% e o 90% do berberecho, máis do 45% da ameixa fina e xaponesa, e en torno ao 75% da ameixa babosa, sendo as especies máis afectadas, ameixas, berberechos, navallas e mexillóns, ao ser todas elas especies de mobilidade reducida.

Segundo as estimacións realizadas por técnicos das distintas confrarías afectadas, pasarán uns dous anos antes de que poida recuperarse a actividade extractiva. O desastre marisqueiro ten unha zona cero, que son as rías de Arousa, Muros e Noia, pero a área afectada é moito maior. Segundo os estudos feitos pola Federación Galega de Confrarías, con quen se van reunir –segundo o señor Lage– vostedes no día de mañá, vense abocados ao paro máis de 3.000 mariscadores e mariscadoras de Galicia. Soamente no concello de Noia viven do marisqueo unhas 1.500 persoas, sendo a actividade económica máis importante do municipio. A estas alturas xa se pode dicir que a produción deste ano 2006 se verá moi minguada, xa que o ciclo biolóxico, por exemplo, da ameixa, ata adquirir a talla mínima comercial de 40 milímetros, é de como pouco entre ano e medio e dous anos segundo a zona, e un pouco menos no caso do berberecho, cunha talla mínima comercial de 28 milímetros.

Señores do Goberno ou dos grupos que apoian o Goberno, nós estamos pola vía de chegar a un consenso con vostedes, estamos pola vía de chegar a un consenso porque é un tema que afecta a galegos e a galegas, porque afecta a un sector marisqueiro que neste momento ten un futuro incerto. O Partido Popular sempre estivemos ao lado e sempre estivemos a favor do sector marisqueiro cando estabamos no Goberno, e ¡como non! seguimos estando a favor dese sector tan importante en Galicia agora que estamos na oposición.

Moitas grazas, señora presidenta.

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas, señor Balseiro.

Ten a palabra o señor Lage Tuñas na rolda de posicionamento sobre as emendas.

**O señor LAGE TUÑAS:** Grazas, señora presidenta.

En primeiro lugar quero agradecer, como non podía ser doutro xeito, o apoio explicitado aquí na tribuna por parte do voceiro do BNG, en nome do seu grupo, para esta proposición non de lei. Quero anunciarlles que imos aceptar a engádegas que propoñen na súa emenda, que se podería incorporar como un terceiro punto a esta proposición non de lei. A nós parécenos que a emenda ten fundamento e complementa perfectamente o que aquí nós expoñemos. Ben é certo –e quería incorporalo como reflexión, como matiz– que o problema das femias é que teñen que estar moi controladas, sobre todo para evitar –segundo manifestan os biólogos– a introdución de patoloxías nos bancos naturais ou un aumento do número de individuos nos bancos que poida producir o afogamento dos moluscos. Entón, de acordo sempre que se tomen as medidas oportunas nas condicións oportunas. Entendemos que urxencia si, pero tamén hai que facelo tendo en conta os parámetros técnicos que correspondan.

A verdade é que cando viña cara á tribuna, estaba pensando, señor Balseiro, se merecía a pena –eu creo que sempre merece, pero vostede cada vez o pon máis complicado– facer reflexións serenas e rigorosas sobre os temas que traemos a debate. Que me veña contar aquí o que pasa en Noia, o que pasa no Freixo, o que pasa en Esteiro, o que pasa en Muros... A min paréceme ben que mo conte, pero eu sonlle de alí, non é que vaia un día, como foi vostede, de visita, a quitar unha foto e a dicir que se preocupaban. Paréceme ben que vaia e que vaia moitas máis veces, e en canto ao que di vostede da benvida, si, dámoslle a benvida á nosa comarca, pero entenda unha cousa, non nos conte a realidade que vostedes non viron, esa realidade sobre a que agora vostedes fan demagogia.

¿Quere que llo recorde? Non debía, non debía, pero os que non quixeron compensar as perdas do *Prestige* fan agora un alegato demagóxico en torno... (*Interrupcións.*) Si, señora Arrojo, non quixeron, esa é a realidade. Non quixeron compensar as perdas do *Prestige* e agora fan un alegato demagóxico sen saber exactamente cales foron as causas. É dicir, a vostedes impórtalles pouco saber cómo e de qué maneira, qué pasou; vostedes resólveno todo dicindo que

hai que dar axudas. Miren, nós entendemos a política dun xeito un pouco máis serio. Non existen previsións de axudas directas, pero si consta que por parte do Goberno galego –e así se lles manifestou a algúns dos afectados– hai dispoñibilidade de variar o destino dalgunhas das partidas presentadas ao abeiro da Orde de proxectos colectivos de xestión integral que, como vostede supoño que sabe, foi publicada no *Diario Oficial de Galicia* o 2 de xaneiro. ¿Para que? Para dedicalas precisamente á posibilidade de compra de semente para a rexeneración de bancos marisqueiros, tal e como apuntaba na súa intervención, e eu comparto, o voceiro do BNG.

Ben é certo que vostedes teñen unha achega nesa emenda que vai nese sentido. Eu recólloa, e entendo que no espírito, na filosofía, tanto da nosa proposta como desas engádegas que podían ser aceptadas, non habería ningún problema. Unha cousa é falar de rexenerar os bancos marisqueiros e outra cousa é falar de dotarse dun crédito. Polo tanto, eu dígolles aos grupos que presentaron emendas que vontade de entendemento haina toda; aceptamos a emenda do BNG, sen dúbida; señor Balseiro, se quere, intentámolo. Eu pediríalle á presidenta un receso –mínimo, desde logo– para que non quede ningunha dúbida de que o noso grupo non só predica o talante senón que o practica. Imos ver se é posible que o grupo da oposición entre a esta proposición non de lei e a apoie. Gustaríame, señor Balseiro, que deixaran de facer demagogia e empezaran a facer política con maiúsculas, pero vexo que é difícil.

Moitas grazas.

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas.

Entendín que vostede me pedía uns segundos ¿ou non? (*Asentimento.*) Ben, suspéndese a sesión uns segundos a ver se chegan vostedes a un acordo.

*Suspéndese a sesión.*

*Retómase a sesión.*

**A señora PRESIDENTA:** Señores deputados ¿remataron vostedes? Son as dúas.

Ten a palabra o señor Lage Tuñas.

**O señor LAGE TUÑAS:** Si, señora presidenta, moitas grazas.

Fago uso da palabra para explicar que non foi posible o acordo nas propostas que lle trasladamos ao Grupo Parlamentario Popular. Entenderon que non se recollía o que eles querían, e desde logo o intento queda aí. Aceptamos a emenda do BNG, ese é o acordo ao que puidemos chegar.

**A señora PRESIDENTA:** Grazas.

Ten a palabra o señor Balseiro Orol.

**O señor BALSEIRO OROL:** Señora presidenta, o noso grupo imos apoiar, como non podía ser doutra maneira, a proposición que hoxe trouxo o Partido Socialista, pero non puidemos chegar a un acordo, dado que o punto 2 da nosa proposta, que era dotar un crédito extraordinario co suficiente presuposto para paliar e compensar as perdas provocadas polo temporal...

**A señora PRESIDENTA:** Coñecemos a emenda, señor Orol.

**O señor BALSEIRO OROL:**... non foi aceptada. O noso grupo quería ir moito máis alá, pero anunciamos que temos unha proposición non de lei presentada xa neste Parlamento, e que ...

**A señora PRESIDENTA:** Moitas grazas.

**Proposición non de lei do G.P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Roberto Castro García e seis deputados máis, sobre a solicitude polo Goberno galego da paralización do proxecto de reestruturación do sector lácteo español e a celebración dunha conferencia sectorial específica**

**A señora PRESIDENTA:** Os grupos parlamentarios dos Socialistas de Galicia e do Bloque Nacionalista Galego presentaron unha emenda conxunta, documento 6068, que as súas señorías coñecen e teñen no seu poder.

*(O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia e o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa das súas deputadas M<sup>a</sup> Soledad Soneira Tajés e M<sup>a</sup> Tereixa Paz Franco, a través dos seus portavoces e ao abei-*

*ro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei*

*Emenda de modificación*

*“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a dirixirse ó Goberno do Estado para que, no plan de Reestruturación do sector lácteo para a campaña 2006, se teñan en conta as alegacións presentadas pola Xunta de Galicia á proposta de borrador do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, e se contemplen criterios de reparto similares aos da pasada campaña, que supuxeron para Galicia un saldo neto favorable de 163.000 toneladas de cota láctea para a singularidade das explotacións leiteiras galegas.” )*

**A señora PRESIDENTA:** Ten a palabra o señor Castro García para formular a proposición non de lei.

**O señor CASTRO GARCÍA:** Señora presidenta, señoras deputadas, señores deputados, no anterior pleno anunciamos a presentación desta proposición non de lei para a que hoxe solicitamos o apoio da Cámara. Desde o noso grupo estamos convencidos de que o noso posicionamento é susceptible de ser compartido polos demais grupos da Cámara, e celebraríamos que así fose porque é unha proposta necesaria. Consideramos que é unha proposta razoable e pensamos que chea de sentido práctico, pensada “en clave de país”, que é a expresión que lles gusta escoitar a algúns e que moitos de nós compartimos.

Señora presidenta, todos coñecemos a importancia do sector lácteo galego. Arredor do 40% da produción láctea española é galega, arredor do 55% das explotacións españolas de leite son galegas, esta é unha realidade constatable. Todos coñecemos tamén os esforzos feitos polos nosos gandeiros nestes pasados anos: mercando cota; investindo recursos; soportando endebementos; modernizando as súas explotacións; mellorando xenética e sanitariamente o seu gando; competindo en calidade e incrementando a produtividade das súas explotacións. En todo isto os gobernos populares non foron alleos a unha acción positiva nesta materia. Dicar o contrario eu penso que sería descoñecer a realidade do país.

Estamos, señorías, no século XXI, estamos en 2006, e temos que afacernos a ver a un labrego ou labrega, a un gan-